

Normas Organizativas

Puntualidade nas entradas e saídas

É un hábito que as familias deben coidar. As portas do colexio péchanse ás 9:10 h. Os retrasos deberán xustificarse cubrindo o impreso correspondente en secretaria. Cando un alumno precise ausentarse do colexio no horario escolar, a persoa que o recolla ten que cubrir a ficha de recollida de alumnos. A recollida do alumnado é unha obriga das familias que debe ser realizada por persoas adultas e autorizadas.

Durante o horario escolar só poden acceder ás aulas os alumnos e persoal do centro. Fóra do horario escolar e en horario de biblioteca non se pode subir ás aulas. O alumnado (a partir de 5º de primaria) que marche sen acompañante adulto debe ter autorización escrita dos seus pais/nais ou titores legais. O alumnado sen actividades extraescolares ou biblioteca non poderá acceder ao centro pola tarde.

Horario de peche das instalacións

Polas tardes o alumnado poderá acceder ás instalacións do Centro unicamente para realizar as actividades extraescolares nas que participa e/ou asistir á biblioteca. As portas do centro péchanse ás 18.00h.

Transporte e aparcadoiros

Prégase respectar a sinalización dos aparcadoiros reservados para familias, profesorado, e reserva para discapacitados. É imprescindible respectar a zona de parada do transporte escolar, sobre todo nas horas de entrada e saída. Así mesmo prégase deixar libre a zona de entrada reservada para o alumno de transporte sinalada cunha liña azul na porta principal do centro.

CADRO DE REUNIÓN COAS FAMILIAS DO CURSO 2019-20

DATA	HORARIO	CURSO
	18:00-19:00 h.	
● Martes, 24 de setembro		● 4º de Infantil A (Cristina) ● 6º de Infantil A/B (Mónica e Laura)
● Martes, 1 de outubro		● 4º de Infantil B (Lucía) ● 5º de Infantil A/B (María e Rosa)
● Martes, 8 de outubro		● 2º de Primaria A/B (María J e Estefanía) ● 3º de Primaria A/B (Nani e Lorena) ● 4º de Primaria A/B (Loli e Laura F.) ● 6º de Primaria A/B (Merchi e Conchi)
● Martes, 15 de outubro		● 5º de Primaria A/B (Paula-Juan) ● 1º de Primaria A/B (Maica e Manuel)

CEIP ESCULTOR ACUÑA



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS 2019-2020

CAMIÑO AO COLE, CAMIÑO Á CULTURA, Á CONVIVENCIA



Horario do centro

Prezadas Familias!!

Benvindas ao novo curso académico 2019-2020. Comezamos unha nova andaina educativa e desexamos ás familias moita ilusión para acadar os obxectivos sociais e educativos plantexados, apostando pola positiva cooperación de todos os membros da nosa comunidade educativa. Con este fin é **importante que leades e conserveades a presente circular**. Lembra de as responsabilidades que tanto as familias, como profesorado e alumnado, estamos obrigados a cumprir. É obrigado coñecer e respectar o código ético aprobado no noso Plan de Convivencia e que figura na nosa web.

Xornada continua: de 9 a 14 horas.

Tarde: De outubro a maio (de 16:00-18:00 horas, agás os martes) realizaránse as actividades extraescolares da ANPA e funcionará a Biblioteca Escolar do Centro.

Calendario Escolar (DOG no 122-28/06/2019):

Período Lectivo: do 11/09/19 ata o 19/06/20

Días non lectivos: Día do Ensino: 31 de outubro.

Días non lectivos no curso: pendentes aprobación polo Consello Escolar.

VACACIÓNS ESCOLARES

Nadal: do 23 de decembro ata o 7 de xaneiro 2020 (ámbolos dous inclusive).

Entroido: 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.

Semana Santa: do 6 ao 13 de abril 2020 (ámbolos dous inclusive).

Verán: 22 de xuño de 2020.

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS: (PREVIA CITA)

Titorías

Martes de 18:00-19:00 h.

Secretaría

Luns-Venres de 9:00-14:00 h.

Orientador

Luns-Venres de 9:00-10:00 h.

Dirección

Luns-Venres de 9:00-9.45 h.

ANPA



Horario Anpa: outubro a maio de 16:30 a 18:00 h.

Teléfono: 677 236 143 (nese mesmo horario).

Presidenta: Patricia Barreal.

COMEDOR

Comedor (Xestionado pola ANPA): Funciona todo o curso escolar. Por contar con limitación de prazas, só debe empregarse cando haxa unha necesidade real. Consultar coa ANPA.

Responsable Catering Arume: Merchi.

Teléfono para avisos urxentes (de 8:00 a 9:00 h):

622 906 209

ESPERTAR XOGANDO

Espertar Xogando: Funciona todo o curso escolar de 8:00 h-9:00 h.

Visita toda a información na nosa páxina web e no blog da ANPA



Un cordial saúdo do Equipo Docente

ENTREGA DE BOLETÍNS DE AVALIACIÓN

PRIMEIRA 20 de decembro de 2019

SEGUNDA 3 de abril de 2020

TERCEIRA 19 de xuño de 2020